



**Mulleres do silencio : de  
Maruja Mallo a Ángela de la  
Cruz : [exposición], [MARCO,  
Museo de Arte  
Contemporánea de Vigo, 14 de  
outubro de 2016 - 16 de abril  
de 2017] /**

Sarmiento, Rosario

Mallo, Maruja ( 1902-1995)

Fernández Fariña, Almudena ( 1970-)

Deputación Provincial,  
[2019]

Monografía

Este proxecto presenta unha revisión ou relectura actualizada da exposición A arte inexistente &#x2014; comisariada por Rosario Sarmiento para o Auditorio de Galicia en 1995&#x2014;, que reunía obras de artistas mulleres en Galicia no século XX. Daquela, o binomio existencia/inexistencia formulábase en relación coa posibilidade de acceso a unha formación académica como vía de profesionalización, con Maruja Mallo e Julia Minguillón como as primeiras artistas en iniciar este camiño. Vinte anos máis tarde, cando a posibilidade dunha formación profesional representa un feito indiscutible, a realidade segue a ser complexa, e esta evolución non ten descorrido en paralelo coa presenza e visibilidade das mulleres no entrecido artístico. Dende a perspectiva do tempo transcorrido, situámonos no espazo histórico-temporal das primeiras décadas do século XXI, o que permite visualizar relatos, protagonismos e visións máis amplas sobre as achegas e o papel dalgunhas artistas na historia da creación plástica da Galicia contemporánea. A exposición percorre diferentes xeracións de artistas ata chegar a aquelas creadoras que acceden por primeira vez en Galicia a unha formación académica, tras a creación da Facultade de Belas Artes de Pontevedra en 1990. Desde o punto de vista estrutural, a exposición fórmulase en catro ámbitos onde se procura analizar e afondar nos contextos nos que estas artistas traballaron, facendo fincapé en cuestións como o seu escaso protagonismo nos movementos de vangarda anteriores á Guerra Civil, a posguerra e a obrigada emigración cara a outros centros artísticos fóra de Galicia, a chegada da democracia, e os novos escenarios culturais e formativos nos que traballan aquelas artistas cuxas traxectorias comezan a desenvolverse nos inicios do século XXI. A mostra reúne preto dun centenar de obras procedentes dun gran número de prestadores &#x2014; institucións, museos, centros de arte, e coleccións

particulares&#x2014;, que por vez primeira se exhiben conxuntamente, ademais de documentación complementaria &#x2014;nalgúns casos inédita&#x2014; froito da investigación levada a cabo en arquivos e coleccións. Respecto á selección de obras en exposición, tívose moi en conta a relación co contexto histórico e temporal, elixindo pezas representativas de cada período, coa intención de manter e facer visible un fío condutor dende o punto de vista cronolóxico e argumental

<https://rebiunoda.pro.baratznet.cloud:38443/OpacDiscovery/public/catalog/detail/b2FpOmNlbGVicmF0aW9uOmVzLmJhemF0ei5yZW4vMjU2NjQxNTc>

---

**Título:** Mulleres do silencio de Maruja Mallo a Ángela de la Cruz : [exposición], [MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, 14 de outubro de 2016 - 16 de abril de 2017] [comisaria, Rosario Sarmiento ; artistas, Maruja Mallo... (et al.)]

**Editorial:** Pontevedra Deputación Provincial [2019]

**Descripción física:** 175 p. il. cor 29 cm

**Nota general:** Artistas : Mónica Alonso, Berta Cáccamo, Elena Colmeiro, Mª Carmen Corredoyra y Ruiz de Baro, Mª Antonia Dans, Ángela de la Cruz, Mª Victoria de la Fuente, María Xosé Díaz, Dolores Díaz Baliño, Almudena Fernández Fariña, Mª Elena Fernández-Gago, Menchu Lamas, Maruja Mallo, Fina Mantiñán, Tatiana Medal, Julia Minguillón, Rosalía Pazo Maside, Soledad Penalta, Pamen Pereira, Beatriz Rey, Mercedes Ruibal

**Lengua:** Texto en galego e tradución ó español

**ISBN:** 978-84-8457-488-0

**Materia Nombre:** Mallo, Maruja 1902-1995)- Exposiciones Fernández Fariña, Almudena 1970-)- Exposiciones

**Materia:** Arte gallego- 21º siglo- Exposiciones Mujeres en el arte- Exposiciones

**Autores:** Sarmiento, Rosario Mallo, Maruja ( 1902-1995) Fernández Fariña, Almudena ( 1970-)

**Entidades:** Museo de Arte Contemporánea de Vigo

---

## Baratz Innovación Documental

- Gran Vía, 59 28013 Madrid
- (+34) 91 456 03 60
- informa@baratz.es